



Galeguidade

IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Montevideo, República Oriental do Uruguai
Decembre, 2009.

A Historia de Galicia desde mediados do século XIX ata ben avanzado o pasado século, aparece en grande parte marcada pola emigración e as consecuencias que diso se derivaron na súa demografía, na súa economía, na súa cultura, en fin, en toda a súa estrutura.

Aquelas mulleres e homes, en moitos casos case nenos, que abarrotaron estacións e portos, expandíronse por case todo o mundo.

Eles que tiñan unicamente como patrimonio a esperanza, pois a terra que os vira nacer negáralles todo, ou case todo, empuxándoos a buscar o futuro lonxe da súa familia, lonxe dos seus afectos, souberon integrarse nas distintas sociedades a onde o destino os levara.

En base a unha conduta exemplar e a un sacrificio que non soubo de limitacións, formaron familias, tiveron fillos aos que se esmeraron en dar a formación que eles non puideran ter, crearon institucións de todo tipo-

algunhas hoxe máis que centenarias- sociais, sanitarias, culturais e deportivas, que podemos cualificar sen temor de ningunha especie como modélicas. En definitiva, crearon o que comunmente coñecemos como a “Galicia Exterior”, convertendo en realidade aquilo de “onde hai un galego está Galicia”.

Paralelamente, esa Galicia na diáspora mantivo sempre o amor á terra deixada e aos fillos dela, colaborando para redimir a pobreza, do que foron todo un símbolo: os foros, a falta de instrución e as consecuencias das contendas de distinto índole, que a mantiveron adormecida por largos, moi largos períodos.

Moito achegou a Galicia exterior a través de axudas familiares, envío de remesas, creación e mantemento de escolas, fogares de anciáns, centrais eléctricas, traídas de auga, estradas, ferrocarrís, bancos, industrias e algo máis, moi importante: esperanza e confianza.

E non se vaia a crer que tan importante achega se fixo desde a abundancia- da que só uns poucos gozaban- senón que na maioría dos casos foi froito das limitacións que se impoñían para axudar aos seus irmáns que vivían en Galicia. Un exemplo de dedicación e entrega.

A isto debe sumarse a difusión de valores de distinto tipo e a achega á construción da nosa identidade, basta recordar que a Real Academia

Galega, a bandeira e o himno, todos centenarios, son en gran parte froito da emigración, a dunha filla predilecta: Cuba.

Ademais, esa Galicia exterior ampliou a territorialidade, expandindo por todo o mundo unha cultura, unha forma de ver e vivir a vida que distingue aos que teñen a fortuna de residir na Fisterra española.

O feito histórico e incomparable da presenza de Galicia no exterior tivo acollida no pioneiro Estatuto de Autonomía de Galicia do 06.04.1981, ao dispoñer:

Art. 7:

1-“As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar como tales o recoñecemento da súa galeguidade, entendida como o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego”.

“Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido de igual recoñecemento ás ditas Comunidades, que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos...”

En cumprimento do previsto na última parte da disposición que antecede, será tamén Galicia a primeira Comunidade Autónoma que realice un censo provisorio de asociacións no exterior, procedendo, en materia

igualmente pioneira, ao ditado da lei Nº4 de 15 de xuño de 1983, coñecida como a “Lei de Recoñecemento da Galeguidade”.

Tan avanzada regulación comeza establecendo:

“A comunidade galega está presente non só na súa terra, senón tamén na Galicia da emigración.

“O espírito asociativo dos galegos lévanos a constituír fóra de Galicia auténticas comunidades que serven de vínculo de unión e comunión coa terra galega...”

Mediante esta Lei créanse órganos de participación, consulta e asesoramento como o Consello de Comunidades Galegas, que máis tarde resultaría recollido por outras Autonomías.

Comeza entón unha variedade de programas tendentes a atender a problemática do emigrado, co recoñecemento das súas penurias, a gratitude polos seus esforzos e a relevancia dos seus logros. Celebrouse a realidade dun universalismo existente e en constante crecemento.

E ese dereito e esa vocación realimentáronse incluso máis alá das propias decisións de cada un dos seus actores, toda vez que o respecto pola lugar de orixe, o amor entrañable á familia e a admiración pola puxanza da autonomía de que son parte, xa non son consecuencia de determinacións, senón que pasan a ser produto do orgullo, a gratitude e as conviccións

vinculadas á orixe e ascendencia que conducen a vida de cada un de nosoutros.

Non faremos aquí un detalle dos programas levados a cabo, nin das políticas tidas en conta, só deixamos sentada a nosa valoración e gratitude, coa reserva, que como ocorre na maioría dos casos, todo pode ampliarse e mellorarse.

Pero pasou máis dun cuarto de século e o tempo sempre inexorable, vai cambiando as circunstancias.

Na Galicia territorial por fortuna para ben, de ser unha terra de emigrantes pasou a selo de inmigrantes, mentres que a Galicia exterior, en varios países, en moitos casos, lamentablemente non ocorre o mesmo.

En efecto, as profundas crises económicas en terras outrora ricas e ilusionantes, levaron a que moita da nosa xente vira diluírse o que fora o esforzo de toda unha vida, agravándose a situación pola carencia de sistemas previsionais e sanitarios adecuados.

Atopámonos entón perante un panorama bastante diferente ao que imperaba ao comezo da autonomía. Por unha parte, as consecuencias das crises económicas que afectaron especialmente aos noso maiores, e o paso dos anos que vai día a día reducindo o número de galegos que se viron precisados a deixar a terra.

Por outra parte, por fortuna, a esperanza e futuro, que dará continuidade a tan enorme legado espiritual e material constituído polos descendentes.

A eles souberon darlle unha formación tanto intelectual como económica da que, moi probablemente eles careceron, á vez que souberon impregnalos dos valores que sustenta a GALEGUIDADE.

Creemos oportuno citar aquí, por consideralo aplicable a Galicia e aos galegos, o que se di na exposición de motivos do Estatuto da Cidadanía Española no Exterior, que mereceu unánime apoio parlamentario (Lei Nº 40 do 14.12.06).

“...España debe considerar á súa comunidade emigrante como un auténtico capital social, o seu compromiso coa súa terra de orixe convértena nun recurso fundamental para a proxección de España no exterior.

“Parte fundamental deste capital social está composto por miles de españois non nados en España, que residen en todo o mundo, eles tamén son parte do presente do noso país e debemos consideralos actores imprescindibles na construción do futuro...”

Fronte á realidade exposta, deberá Galicia, máis pronto que tarde, adecuar o Estatuto de Autonomía, e a lei de Recoñecemento da

Galeguidade, de forma tal que dean resposta á actual situación e regulen un futuro que confiamos próspero, que faga das dúas Galicias, unha soa.

Tamén será Galicia a que velará polo cumprimento daquelas competencias en materias tales como pensións e sanidade, que ten reservadas o Goberno de España.

UNHA GALEGUIDADE UNIDA NUN MUNDO GLOBALIZADO ADAPTAR A GALEGUIDADE AOS NUEVOS RETOS DO SÉCULO XXI.

Unha das características esenciais da galeguidade é a súa capacidade de dar respostas efectivas aos retos históricos que se lle formulan, sempre en defensa dos intereses e necesidades dos galegos residentes no exterior.

Se nos séculos XIX e XX o esforzo de moitas das nosas entidades se centrou en cubrir as necesidades sanitarias e socio asistenciais dos nosos paisanos en Cuba, Arxentina, Uruguai e outros países da diáspora e, no ciclo migratorio europeo e español, as nosas entidades galegas souberon manter, con esforzo e dedicación, as raíces da nosa cultura, lingua e folclore por Europa desde Lisboa a Basilea, París, Londres, Nuremberg ou Rotterdam, e desde Barcelona a Salamanca ou desde Baracaldo a Córdoba. Neste comezo do século XXI, as comunidades galegas perciben xa, de forma clara e inequívoca, que hai que **adaptar as nosas estruturas organizativas, as nosas estratexias de traballo e os nosos esforzos como**

colectividade en dar respostas propias aos retos deste mundo globalizado.

Os galegos debemos asumir que as crises poden ser oportunidades. Así o soubemos demostrar na epopea migratoria dos últimos séculos. Nesta crise económica, social e de busca de solucións -de carácter global- que dean resposta aos retos que nos formula a nosa contemporaneidade, os galegos e galegas das nosas comunidades repartidas por 3 continentes deben ser promotores e actores deste debate planetario.

Sabemos que as respostas non serán únicas, nin homoxéneas. A globalización é unha nova forma de interrelación caracterizada pola inmediatez das comunicacións, a interrelación dos mercados, a importancia da innovación no desenvolvemento das economías e a crise social e de valores que a acompaña.

Dá a sensación que o futuro da globalización pasa pola homoxeneización cultural do planeta, pero aquelas comunidades que como a galega levan no camiño da internacionalización tantos anos, sabemos que a achega desde o propio engade valor ao produto final.

O ritmo dos tempos volve a sinalar como prioritario reabrir un debate cíclico na galeguidade. **É esencial abordar con sentido de pobo as políticas necesarias que fomenten a unión dos esforzos das entidades galegas no exterior.** Somos conscientes de que moitas das nosas

sociedades abordan con dificultade o sostemento das súas infraestruturas, o fomento de actividades ou o mantemento dun número suficiente de asociados. Ante esta realidade somos igualmente conscientes que **só aquelas entidades galegas que saiban atraer, promovendo a participación responsable e activa dos mozos en todos os ámbitos de traballo, participación e dirección das mesmas terán garantidos outros cen anos de galeguidade.**

Defender o patrimonio xerado por xeracións de galegos no exterior é unha obriga de todas as comunidades galegas, facer que ese patrimonio xere valor para Galicia é un deber que nos dimensiona como pobo sen fronteiras humanas. As entidades galegas naceron como protectoras dos dereitos dos galegos emigrados e do seu benestar, salvagarda dos valores culturais e sociais de Galicia, promotoras do desenvolvemento do pobo galego e defensoras da nosa identidade.

Na actualidade a galeguidade descubriu que **unha nova xeración de galegos, nados xa nas terras de acollida, con fillos de terceira xeración, chaman ás portas das nosas sociedades e, no peor dos casos, non o fan;** para reclamar o seu lugar entre o noso pobo.

Estamos obrigados a integrar a estas novas xeracións nas nosas casas, darlles un espazo de actividade e desenvolvemento propio e permitir que constrúan Galicia desde a súa realidade; sen a morriña do recordo e co espírito emprendedor que nos caracteriza. Toda esa xeración de

galegos formados, preparados, con grandes profesionais en todos os campos da actividade humana. Esas mulleres e homes que se senten unidos polo sangue co noso pasado e o noso porvir, están chamados a ser o futuro dunha Galicia que deixará de sentirse na diáspora para recoñecer os seus múltiples berces, paisaxes e acentos.

A GALEGUIDADE UNIVERSAL. UN ESFORZO DE XENEROSIDADE E TRABALLO

Este esforzo de unión entre as xeracións que conforman a actual galeguidade debe ir acompañado da necesaria xenerosidade e solidariedade entre as distintas entidades galegas. **Debemos continuar co camiño marcado historicamente polas nosas sociedades que, dunha forma natural, souberon integrarse en entidades maiores** ás sociedades parroquiais ás municipais e ás comarcais e de alí ás provinciais ata chegar a entidades que sumaban esforzos dos galegos de todas as provincias.

Os logros desta unión de esforzos son realidades cotiás en sociedades como o Centro Galicia de Buenos Aires, as Hermandades Gallegas de Caracas ou Valencia e outros grandes centros da nosa galeguidade. Pertécenos o que nos é propio e o legado histórico e patrimonial de cada unha das nosas sociedades é parte de noso legado común como pobo.

Todos debemos involucrarnos na súa defensa e acoller e integrar a aquelas sociedades que polo devir dos tempos e as múltiples realidades que nos encontramos nos diferentes países e localidades nos que están implantadas xa non poden manter as súas estruturas nin un funcionamento normalizado como sociedade.

Este é o momento de ser "Bos e xenerosos", de entender que **unidos somos máis fortes, que actuando de forma coordinada o noso horizonte se amplía, que sumando voces e esforzos a voz da galeguidade chegará máis lonxe e con máis forza.**

É esta unha invitación a reflexionar sobre o noso futuro e sobre o que **estamos dispostos a poñer en favor da Galicia Universal precisamente para optimizar e dotar de maior eficiencia e eficacia o noso común esforzo por universalizar a nosa cultura, a nosa identidade e o noso posicionamento común como pobo.**

AS SOCIEDADES GALEGAS E A GALICIA UNIVERSAL. ADAPTÁNDOSE AOS NOVOS RETOS.

Non se pode falar das necesidades de adaptación das entidades galegas no exterior sen recoñecer a capacidade histórica que as mesmas tiveron ao longo da súa dilatada historia para dar respostas eficaces aos problemas que os galegos, tanto da Galicia interior como da exterior, sufriron ao longo de máis de 150 anos de historia.

O recoñecemento deste labor e o compromiso do pobo galego veuse reflectido no seu propio Estatuto de Autonomía e no desenvolvemento dunha Lei de Galicia que recoñece e ampara os dereitos das entidades galegas no exterior.

Agora ben, as entidades galegas no exterior, como columna vertebral da nosa galeguidade deben ten en conta que debemos adaptarnos aos novos retos que impoñen os tempos históricos que vivimos.

De forma xeral, vemos que, a sociedade civil, nos distintos países nos que temos presenza foi xerando asociacións que, de forma común, están abocadas a rexerse polos seguintes principios de actuación:

- **Eficacia nas súas actuacións.** Son as propias sociedades as que deben xerar políticas activas a favor dos nosos paisanos no seu ámbito territorial de actuación. É necesario adaptar as nosas estruturas e as nosas actividades aos novos tempos para garantir que os galegos de calquera idade e condición poidan ter un espazo nas nosas sociedades.
- **Sustentabilidade.** Este principio vai definir o futuro da sociedade civil occidental. **As estruturas dos Estados e as administracións públicas van apoiar pero non a soster á sociedade civil.** É necesario abordar, de forma progresiva e valente, o futuro das nosas sociedades e **fortalecer e promover o autosostemento das**

estruturas societarias. Os esforzos conxuntos das administracións e as entidades galegas deben reflectirse en accións que redunden nun maior número de beneficiarios e na mellora do posicionamento de Galicia en cada un dos países e rexións nos que estas están implantadas.

É necesario reflexionar sobre a necesaria modernización das estruturas, actividades, uso de espazos, atracción de novos asociados, planificación e xestión das sociedades que garantan que a galeguidade vai encamiñada cara á modernización e adaptación da sociedade civil global neste principio de século.

- **Eficiencia.** Somos conscientes que **unha parte das nosas entidades galegas só sobreviven polo empeño persoal e a dedicación altruísta dalgúns dos seus socios e polo apoio económico e na xeración de actividades da administración de Galicia.**

O futuro destas sociedades, sen un cambio de rumbo claro e definido cara á eficiencia, está por desgraza, sinalado. **Un esforzo conxunto entre as entidades galegas e a administración de Galicia encamiñado a mellorar e modernizar as estruturas e a garantir o necesario "retorno" dos esforzos dedicados a favor dos nosos paisanos no exterior, é a única solución que pode garantir a pervivencia das mesmas.**

- **Universalidade.** Unha das maiores fortalezas que temos na galeguidade é a nosa universalidade. Este feito colócanos nunha **situación privilexiada nun mundo que camiña cara á internacionalización en todos os seus ámbitos e na xeración de espazos comúns de intereses de carácter transnacional. Ningún ámbito de interese de Galicia debe ser alleo á galeguidade, así debemos asentarmos e fortalecer, de forma definitiva, as estruturas que coordinen as nosas actuacións en múltiples campos: económico, social, cultural...** Levamos anos recorrendo este camiño con experiencias exitosas e con fracasos ás nosas costas: O coñecemento xerado das mesmas debe servir para **dar forma a unha unión efectiva e con obxectivos claros que reforce o papel que Galicia debe xogar no concerto internacional como sociedade de sociedades e na unión dos intereses que nos son comúns e nos definen como pobo.**

- **Modernización.** As entidades galegas deben ser **conscientes da necesidade de modernizar a xestión interna e as súas capacidades de comunicación con outras sociedades a través da aplicación de políticas tecnolóxicas de información e comunicación (TIC's).**

No mundo da comunicación instantánea é fundamental aproveitar os adiantos tecnolóxicos que nos permiten unha máis rápida e efectiva comunicación, melloras na xestión interna e na información que as diferentes entidades achegan á sociedade civil. Nese sentido débense promover:

- Melloras no uso e capacidades do Portal *Galiciaaberta.com*, como canle de comunicación da galeguidade.
- Implementación da teletramitación como canle esencial de relación formal entre a administración galega e as entidades galegas no exterior.
- Fomento das tecnoloxías aplicadas ás melloras de comunicación, formación e ocio entre as entidades galegas no exterior e destas coa sociedade galega.
- Implicación da xuventude galega no exterior no desenvolvemento, implementación e uso destas tecnoloxías.
- Formación tecnolóxica como usuarios aos responsables das entidades galegas no exterior.

A GALEGUIDAD E A DEFENSA DOS DEREITOS POLÍTICOS DOS GALEGOS RESIDENTE AUSENTES.

O debate sobre o exercicio dos dereitos políticos dos galegos residentes ausentes no exterior, está aberto 31 anos despois da aprobación da nosa norma fundamental. A Galicia Universal reclama o exercicio destes dereitos na mesma medida que o desfrutan os cidadáns da Galicia Territorial.

Neste sentido hai dúas reclamacións básicas que o Estado Español debe atender de forma clara e urxente.

Exercicio do voto:__Debe poñerse fin de maneira inmediata ao cuestionamento que se efectúa á participación dos residentes no exterior nos procesos electorais. Para evitalo hai que lograr a transparencia, é dicir, que o voto se someta a iguais recaudos e garantías que o que se emite no territorio. Isto significa de forma fundamental o exercicio do voto en urna. A festa democrática ten que ser a festividade de todos e depositar o voto, de forma persoal, na urna de votación é a expresión máxima dos nosos dereitos políticos.

Revisión e Depuración do Censo de Cidadáns Españois no Exterior: A democracia nace contando aos electores e garantindo que cada voto é igual a outro. A revisión e depuración do Censo de Residentes Ausentes no Exterior é unha obriga de carácter prioritario do estado español. Só exerceremos libre e conscientemente o noso voto cando teñamos a seguridade do seu verdadeiro valor: un elector un voto. Esta garantía fortalece aos electores e por ende á Democracia.

Disponibilidade do Padrón de Españoles Residentes no Extranxeiro (PERE).

Por outra banda é fundamental que o Padrón de Españoles Residentes no Extranxeiro (PERE), como instrumento de localización da nosa poboación no exterior e ferramenta para xerar políticas activas no seu favor, esté en poder dos gobernos das Comunidades Autónomas españolas.

Neste senso reclamamos o cumprimento do compromiso adquirido pola Dirección General de la Ciudadanía Española en el Exterior, en nome do Ministerio de Trabajo e Inmigración, o 11 de decembro de 2008, durante a reunión da Comisión Sectorial de de la Ciudadanía Española en el Exterior, de facilitar os datos do Padrón de Residentes no Extranxeiro (PERE). E elo, de xeito urxente e inaplazable.

A POLITICA DE RETORNO EN GALICIA

Necesidade dunha política de retorno

A realidade do proceso migratorio en Galicia determinou que o noso Estatuto de Autonomía dedicase especial atención a esta cuestión :

-O artigo 1.2 manifesta que “ A Comunidade Autónoma asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia...e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego”, reflectindo e protexendo esta idea de pobo integrado non só polos galegos que están en Galicia, senón tamén polos que viven fóra dela.

-O artigo 4.3 xeneraliza o mandato da galeguidade no seu aspecto máis actual: o retorno. Aí configúrase como principio rector da política social e económica da Comunidade Autónoma o facer efectivo “ o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”.

Política integral en materia de retorno

Na actualidade e nos últimos dez anos Galicia, é unha das principais comunidades receptora de retornados. Esta realidade esixe que os poderes públicos, como está a facer a Xunta de Galicia, presten unha especial atención e apoio aos emigrantes; e isto, tanto se desexan seguir vivindo nos países que os recibiron como se desexan retornar a Galicia.

Concepción da política de retorno

A elaboración da política de retorno que se quere facer concíbese coma unha política activa de integración que vai máis alá da tradicional de carácter estritamente asistencial e que, ademais, serva para abordar outros aspectos relacionados cos colectivos aos que vai dirixida, en particular, a asistencia nos seus países de orixe para mellorar a súa situación, reforzar o seu vencellamento con Galicia establecendo canles de colaboración e participación, e, a que é a súa finalidade central, favorecer e facilitar o retorno a Galicia dos colectivos aos que vai dirixida.

Condición de retornado

Na elaboración dunha política de retorno é preciso empezar por definir a condición de retornado, xa que logo isto condiciona o acceso ao sistema de medidas e axudas previstas.

Hai que ter en conta a lexislación estatal ao respecto (Lei 40/2006, do Estatuto da cidadanía española no exterior), e as prescricións estatutarias sobre a “condición política de galego” (artigo 3), así como a lexislación autonómica sobre recoñecemento da galeguidade.

A Lei 40/2006, de 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, dispón no artigo 2.2 o seguinte:” O Estado establecerá os

requisitos básicos e o procedemento para acreditar a situación de español retornado”.

Dado que a Administración Xeral do Estado non desenvolveu este mandato legal, é necesario que aquelas Comunidades Autónomas, cunha realidade migratoria como a que ten Galicia, se vexan na necesidade de establecer os requisitos básicos e o procedemento para acreditar a condición de emigrante galego retornado.

Tamén é preciso determinar o tempo durante o cal se ostentaría a condición de emigrante retornado.

Unha posible definición de emigrante galego retornado podería ser : “Os galegos de orixe que retornen a Galicia para fixar a súa residencia, sempre que ostenten a nacionalidade española antes do retorno”.

Tamén se podería incluír aos familiares dos anteriormente mencionados, entendendo por tales ao cónxuxe non separado legalmente ou parella coa que manteña una unión semellante á conxugal, e os descendentes ata o primeiro grao, que teñan a condición de persoas con discapacidade ou sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade que estean ao seu cargo e que dependan deles economicamente.

Tamén, é preciso contemplar a situación de aqueles emigrantes galegos que por circunstancias derivadas do proceso migratorio, especialmente

unha vez xa xubilados, reparten a súa residencia entre o país da emigración e Galicia.

Actuacións no eido da política integral do retorno

Actuacións antes de retornar

Formación, Información, Orientación e asesoramento

Trátase de prestar un servizo de Información mediante a creación ou o reforzo das oficinas de información, tanto no exterior como en Galicia, como **estruturas de apoio** da Secretaría Xeral da Emigración, as *oficinas de retorno no exterior e as oficinas de retorno en Galicia* configúranse como servizos de información, orientación e asesoramento, de carácter integral, sobre todas as materias e asuntos que incidan no retorno e residencia en Galicia, e, en particular, no orientado ao mercado de traballo.

1.-Información e asesoramento sobre:

- Como adquirir ou recuperar a nacionalidade española e a condición de retornado.
- Como obter a seguinte documentación: baixa consular, acreditación da actividade laboral, DNI, matrimonio, defunción, pasaporte, empadramento, permiso de conducir. Acceso a asistencia sanitaria, e as

prestacións e pensións da Seguridade Social, homologación e validación de títulos e documentos oficiais.

- Información sobre o mercado laboral galego e as posibilidades de inserción tanto por conta allea coma por conta propia.
- Información e asesoramento técnico e xurídico para a creación de empresas en Galicia.

2.- Formación en orixe naquelas especialidades formativas que sexan requiridas polo mercado laboral galego e dirixidas a aqueles emigrantes con decisión firme de retornar.

Unha vez retornados:

Axudas específicas de apoio ao retorno

- Axudas de carácter extraordinario e non periódicas, para asegurar ao retornado, durante un tempo prudencial, un nivel mínimo de subsistencia.

Resolución de axudas da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares (convocatoria anual).

- Axudas para financiar os gastos da viaxe de retorno

Servizos sociais

- Facilitar o acceso a integración social en Galicia:

Neste eido xa existen medidas específicas para os emigrantes para facilitar o acceso a Lei da Dependencia e a Renda de Integración Social de Galicia.

Non obstante, é preciso desenvolver campañas de información no exterior para garantir aos emigrantes galegos que desexen retornar os dereitos contemplados na Lei da Dependencia.

-O Real Decreto 727/2007, de 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, na Disposición Adicional Única contempla a atención á dependencia dos emigrantes españois.

-A Renda de Integración Social de Galicia, nos requisitos de acceso contempla a situación dos emigrantes retornados ao quedar estes exentos de cumprir un ano de residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Vivenda

- Medidas de axuda a vivenda

A situación dos emigrantes retornados xa está recollida na disposición adicional cuarta da Lei 18 /2008, de 29 de decembro de Vivenda de Galicia. Estamos a traballar desde a Xunta de Galicia para que no regulamento que desenvolve dita lei se concreten os requisitos e as axudas específicas dirixidas aos emigrantes retornados.

Emprego

- Acceso a formación ocupacional

Para ter acceso a formación ocupacional naquelas especialidades formativas que sexan necesarias para adquirir novos coñecementos ou ben actualizar os xa existentes, o feito de inscribirse como demandantes de emprego permítelles acceder a oferta formativa do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Non obstante é preciso reforzar a formación profesional dirixida aos emigrantes galegos que retornen para que lles permita a reconversión ou reorientación profesional cara a aquelas ocupacións máis demandadas polo mercado laboral.

- Acceso ao emprego

Entre as medidas de fomento do emprego tense en conta a situación dos emigrantes retornados que se atopan en situación de necesidade ou en risco de exclusión social, nos seguintes programas:

a) Programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas traballadoras pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

b) Programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario.

c) Programa para o fomento da estabilidade no emprego.

d) Programa para a programación do emprego autónomo.

e) Programas de fomento do emprego en empresas de economía

Non obstante o anterior, faise preciso seguir reforzando as actuacións en materia de emprego, e pasar a contemplar non soo aos emigrantes retornados en situación de necesidade se non a outros emigrantes retornados que precisan igualmente integrarse no mercado laboral galego.

Educación

- Axilidade na homologación e validación de títulos académicos.

É conveniente axilizar a homologación e validación de títulos académicos, para isto, deberíase traballar conxuntamente coa Administración Xeral do Estado posto que esta materia é competencia de dita administración.

- Actuacións para a formación en aspectos básicos da realidade sociocultural de Galicia, dos dereitos e deberes coma galegos e do uso da lingua propia.

Para o desenvolvemento destes temas estamos a traballar conxuntamente coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén xa se está a traballar con outros organismos como o Instituto Galego de Consumo e co Servizo Galego da Igualdade.

Desta relación de actuacións no eido do emprego, educación, vivenda etc pódese ver que a situación dos emigrantes retornados está contemplada e recollida na normativa elaborada polos diferentes departamentos da Xunta de Galicia con competencias nestas materias.

Non obstante é preciso reforzalas e propoñer medidas novas para facilitarlle a aquelas persoas que queiran retornar ou xa estean retornadas a plena integración na sociedade galega.

Por otro lado es fundamental que tanto el Censo de Españoles Residentes en el Extranjero (CERA) como el Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE), como instrumentos de localización de nuestra población en el exterior y herramienta para generar políticas activas en su favor, deben estar en poder de los gobiernos de las Comunidades Autónomas.

En ese sentido reclamamos el cumplimiento del compromiso adquirido por la Dirección General de la Ciudadanía Española en el Exterior, en nombre del Ministerio de Trabajo e Inmigración, el 11 de diciembre de 2008, durante la reunión de la Comisión Sectorial de de la Ciudadanía Española en el Exterior, de facilitar los datos del Padrón de Residentes en el Extranjero (PERE) y del de Españoles Residentes en el Extranjero (CERA) a las Comunidades Autónomas. Y ello, de forma urgente e inaplazable.